

CIRCULAR INFORMATIVA PARA NAIS E PAIS (Curso 2021/22)

Estimadas nais e pais:

Énos moi grato poñernos en contacto convosco neste novo curso para retomar a comunicación que queremos establecer, co fin de que o esforzo conxunto de todos dea o mellor froito posible. O profesorado, o departamento de orientación, o persoal de administración e servizos e o equipo directivo están coma sempre á vosa disposición para vos axudar na complexa tarefa da educación das vosas fillas e fillos.

Este curso, debido á mellora da situación epidemiolóxica, retomaremos a reunión inicial de curso coas familias. Aínda así, deberemos tomar medidas de prevención que minimicen o risco de contaxios. Por iso, só poderá asistir a dita reunión un dos proxenitores. Antes de iniciar a reunión, realizarase o habitual control de temperatura e hixiene de mans.

Lembrámosvos que o titor ou titora do grupo é a persoa á que vos debedes dirixir en primeiro lugar para calquera consulta relacionada coa vida escolar. É quen mellor coñece ao alumnado e ten mais información. Por outra banda, o centro conta cun **departamento de orientación** que vos pode axudar nas moitas e complexas decisións que hai que ir tomando ao longo das distintas etapas educativas. Por último, o equipo directivo está á vosa disposición para intentar resolver calquera outra incidencia que se presente.

É importante que **non esperedes ao final do curso** para establecer comunicación co centro, xa que co curso avanzado os problemas son de máis difícil solución.

1.- TITORÍAS

Debido á especial situación producida pola COVID-19, e seguindo o protocolo da Xunta, as sesións de titoría realizaranse **preferentemente de xeito telemático ou telefónico**, agás contadas excepcións.

Para iso o centro ven de habilitar unha canle de comunicación directa entre as familias e os titores/as dos seus fillos/as mediante a creación de enderezos electrónicos específicos para cada grupo.

Ditos enderezos electrónicos serán o medio que deberán empregar as familias se precisan contactar co titor/a do seu fillo/a.

Na páxina web do centro atoparedes un apartado denominado **“Comunicación titorías”** que deberedes premer. Para contactar debedes pinchar na pestana de “solicitar sesión de titoría” correspondente á titoría do voso/a fillo/a e cubrir todos os campos do formulario que aparecerá.

No caso de precisar **entrevistarse cun profesor/a dunha materia en concreto** deberá solicitar a comunicación **sempre a través do titor/a**.

CURSO GRUPO	TITOR/A	HORA E DÍA DE ATENCIÓN
1º ESO A	NIEVES DÍAZ	Venres de 12:00 a 12:50
1º ESO B	JULIA CEA	Mércores de 10:40 a 11:30
2º ESO A	ELENA FERNÁNDEZ	Mércores de 12:00 a 12:50
2º ESO B	BALDUINO MONTESINO	Martes de 11:45 a 12:30
3º ESO A	MANUEL NAVEIRA	Xoves de 12:00 a 12:50
3º ESO B	Mª JESÚS MIRAMONTES	Luns 11:45 a 12:30
4º ESO A	FRANCISCO BELTRÁN	Martes de 10:30 a 11:15
4º ESO B	MARTA ARCE	Martes de 11:45 a 12:30

Departamento de Orientación . ÁNGEL GALÁN

Teléfono do centro : 881960793

2.- REUNIÓN INICIAL DO EQUIPO DIRECTIVO E OS TITORES COAS FAMILIAS

O luns, 18 de outubro, terá lugar a recepción de familias por parte do equipo directivo e o/a titor/a do seu fillo/a.

- **1º ESO:** Ás 16:00 horas o equipo directivo recibirá aos pais e nais do alumnado de 1º da ESO no salón de actos. Rematada esta recepción terá lugar a reunión co profesor titor/a do seu fillo/a na propia aula.
- **2º ESO:** : Ás 16:30 horas o equipo directivo recibirá aos pais e nais do alumnado de 2º da ESO no salón de actos. Rematada esta recepción terá lugar a reunión co profesor titor/a do seu fillo/a na propia aula.
- **3º ESO:** : Ás 17:00 horas o equipo directivo recibirá aos pais e nais do alumnado de 1º da ESO no salón de actos. Rematada esta recepción terá lugar a reunión co profesor titor/a do seu fillo/a na propia aula.
- **4º ESO:** : Ás 17:30 horas o equipo directivo recibirá aos pais e nais do alumnado de 4º da ESO no salón de actos. Rematada esta recepción terá lugar a reunión co profesor titor/a do seu fillo/a na propia aula.

Nesta reunión, entre outras cousas, informaráselles dos criterios de avaliación e promoción de curso e explicaráselles o procedemento para a recuperación de materias pendentes, así como cuestións de organización e funcionamento actual do centro.

3.- CALENDARIO ESCOLAR

As actividades lectivas rematarán o mércores 22 de Xuño de 2022.

Os períodos de vacacións serán:

Nadal: 22 decembro ao 7 xaneiro, ambos inclusive.

Entroido: 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo.

Semana Santa: do 11 de abril ao 18 de abril, ambos os dous inclusive.

Serán días non lectivos:

1 novembro

6 e 8 decembro

7 decembro (elección do centro)

25 abril (San Marcos)

17 maio

4.- TRANSPORTE ESCOLAR

Rogámosvos que calquera incidencia no transporte a comuniquedes á Dirección do centro.

5.- DATAS DAS AVALIACIÓNS

- ✓ PRIMEIRA AVALIACIÓN: Luns 20 de decembro. Publicación de notas o martes 21 de decembro.
- ✓ SEGUNDA AVALIACIÓN: Luns 21 de marzo. Publicación de notas o martes 22 de marzo.
- ✓ TERCEIRA AVALIACIÓN: Luns 6 de xuño. Publicación de notas o martes 7 de xuño.
- ✓ AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: Xoves 23 de xuño. Publicación de notas o xoves 23 de xuño.

As datas de realización das probas de recuperación das materias pendentes son:

- ✓ 1º PARCIAL: 17 e 18 de xaneiro.
- ✓ 2º PARCIAL: 30 e 31 de marzo.
- ✓ PROBAS FINAIS: 9 e 10 de maio.

Os días e horas concretas serán comunicadas ao alumnado e publicadas na páxina web do instituto (www.iesvios.org).

A Dirección